

DIA DE GALICIA - 25 DE XULIO

A "IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY", PREPARA DOUS AITOS PRA FESTEXAR A DATA PATREA: UNHA CONFERENCIA A CARREGO DO PRESTIXIOSO GALEGUISTA D'ARXENTINA, IRMAN RODOLFO PRADA, E UN XANTAR DE AFIRMAZÓN GALEGUISTA, CUIAS DATAS DE REALIZAZÓN SE ANUNCEARÁN PRÓSIMAMENTE.

O IRMANDIÑO

PERIÓDICO GALEGO

ORGANO DA IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY

Año I	Dirección y Administración: PIEDRAS, 411	Montevideo, Maio de 1935	Núm. 4
-------	---	--------------------------	--------

CANDO OS DURQS MACHADOS

Depotas incensatos,
fexán, forxade grillos
Podo oprimir o ferro
un corpo enfracocido;
Máis as nobres ideas
e gloriosos istintos...
non pode, non, o duro ferro,
nin a morte, estinguilos!

PONDAL.

O novo Goberno Hespañol

Co a solución da derradeira crisis hespañola, podemos afirmar que xa entróu a gobernar en Hespaña o que hastra d' agora era un fantasma: O FASCISMO. Encarnada na persoa de Gil Robles, framente ministro de Guerra, chega o podere a máis cruda reaición; a reaición c'aínda os conservadores dos tempos monárquicos coidaron de non lles deixar ter influencia directa no Goberno, porque sabían moi ben c'o clericalismo que representa Gil Robles, disfrazados de "salvadores da patria", non ten máis ouzeto que asegurare os intreses dos que, aínda negando a relixón cos exempros das súas aicións persoales, chámanse representantes de Cristo na terra. Suárimos isto o feito que fai dous meses provocaban n'ha dimisión no goberno en que eles tiñan os seus ministros, pol-a humán razón de se negare os compañeiros das demáis fraicións políticas a condenare a morte a dous homes sobor dos que pesaba a ímea responsabilidade de pretendere, pol-a forza, darlle a Hespaña outra orientación máis favorable para o seu futuro da vida dos cidadáns que teñen sobor de sí a nobre tarefa de facer a Patrea grande e próspera: os traballadores de todas as crases. Pr'o si co' a súa postura non conseguiron ren, non foi, a bon seguro, porque o vello que lles está servindo de puntal nas súas aspiracións re-sulticas, sentise sacudire as súas fibras sentimentales, senón porque Lerroux, astuto e conecedor da sensibilidade do pobo, sabía moi ben dar cumprimento, a tal monstruosidade custarialle, nas prósimas eleccións, a pérdida dunha posición, que aínda falsa, il imaxina boa pro seu insaciabel apetito de figuración. E os cristiáns "irmaus" da cofradía que dirixe Xil Robles, negaron outra vez máis a quen, según eles, lles inspíra o seu programa político e social, o esquencerse de aquelas humáns parolas do Mestre: Non mataredes.

Pol-os difrentes cámbios de opinión cós cristián-fascistas tiveron en dous meses, temos a sensación que están moi leros de contare co' a vontade do pobo hespañol. Demostranno craramente, cando con tal de podere chegar a Decembro pra reformare a Constitución, acentan in-clusive cárrigos no goberno de Cataluña, que aínda que non se mova dentro do Estatuto confeccionado pol-os partidos de esquerda e acen-tado pol-o pobo catalán, non deixa de sere un goberno autonomista. E colaboran nil nada menos cos máis acérrimos nemigos de todas as au-tonomías, atentos as decraracións de unidade hespañola con que foron as eleccións nas que, inda sendo menoría, debido o seu rexunta-mento con todos os partidarios de Alfonso XIII, sacaron unha maioría que lles sirveu pra escalare a posición onde xa s'atopan, acen-tando os oficios do Frégoli da política hespañola, Alexandro Lerroux.

Pros que, louxe de Galicia, vivimos co pensamento constantemente nela iste Goberno concetuanol-o esantamente igual cun deputado lerru-xista da nosa terra quen, nunha "salida" de sinceridade das que os poucos minutos se arrepiñe calificóuno de "calamidad nacional". Pra nós e unha verdadeira calamidade que a empezou, co-a apoboación dos tratados arxentino-uruguayo, a certificare a certeza da dita califica-ción. Xa, as costas da merma na venda do gando galego, se comenzou a favorecere a exportación do aceite andaluz. Cumpren eisí a promesa que fixeron en Galicia cando foron a buscare as aitas de deputados, de non aprobare os ditos tratados. E da mesma maneira que cumpri-ron a dita promesa, cumpriran todas aquelas que non lles conveña os seus intreses. Si os gandeiros galegos fosen os cregos, podemos tere a máis absoluta seguridade de que non firmarian ningún convenio que

conspirase contr'os intreses da "comunidad". Pro, desgraciadamente, os criadores do gando son os campesiños, a quenes ben sabemos os sacrificios que lles custa.

Non ostante ter perdido o pobo o control do podere, nós senti-monos optimistas e ollamos pro porvir na esperanza de que, máis do-nantes ou depóis, Galicia conseguirá gobernarse así mesma e resurxir do atraso en que, pra súa vergonza, haberán de sumila os que teñen especial empeño en facer da nosa rica e próspera terra, a irmán "cen-tencia" das outras rexións hespañolas.

Temos depositada a nosa fé e a nosa esperanza nos homes "bús e xenerosos" que militan no Partido Galeguista, ímeos galégos que se preocupan fundamente dos nosos problemas e ímeos tamén a quenes a terra, nun futuro máis ou menos próximo, terá de recompensalos da patreoteca labourea que en ben d' ela fan, desafiando toda crase de persecución e destellos, con tal d'aportar o chan nativo o seu entu-siasmo de liberdade e galeguidade que non sabe de sacrificios.

Un homaxe o

Doutor MANOEL ALBO

O sábado 4 do corrente extendemos o noso bancale de festa para facerlle un pequeno homaxe a noso ilustre compatriota, doutor Manoel Albo, co motivo de ter sido nomeado Profesor de Clínica Quirúrxica da Facultade de Meicía do Uruguay; outo cárrigo a que chegou pol-os seus relevantes coñecimentos e pol-a súa adicación sin acougo o servizo dos dóres humans. Por elo, si ben e verdade que o doutor Albo vive algo alonxado das actividades galeguistas, compracómosnos en recoñecer as grandes pro-porcións que abrangue a súa labourea que moito honra e di-ñifica a nosa raza e a nosa Patrea. Eisí é que no aspecto científico non pode haber máis que afervoadas loubanzas pro prestixioso compatriota, que fixo da human cencia un verdadeiro postulado, e, que ademáis, ten a virtude de unir a súa grande capacidade un corazón cheo de bondade e boa vontade sempre disposto pra adozer os sofrimen-tos alleos. Máis a xeito de xusta compensación a tanto sa-grifizio, chega o doutor Albo en pleno desenrolo das súas actividades, cando a vida aínda lle pode ofrecer longo hou-riente pra acción executora, a culminar na súa carreira ategada de loureiros. Son estos feitos dignificantes d'un home da nosa raza o que nos móveu a testimoniarlle, n'un aito íntimo —axeltado os seus desexos— a nosa agarimo-sa admiración e a nosa meirande satisfacción pol-os trún-fos donqueridos. Foi eisí que na nomeada data xuntamos no noso eido un seleito número do máis frolecente da no-sa coledividade e bebemos na súa compañía unhas copias de xeneroso viño, o mesmo tempo que nos regalaba o es-pirito algunhas pezas de música meiga e tamen as infa-llibles cancións galegas cantadas pol-o irman Bóveda co gosto e sentimento que il sabe facelo.

Acompañaban tamen o doutor Albo, como invitados especiais, os doutores Valiño Sueiro, Terán e Mora Guar-nido.

O comenzo do aito o Segretario Xeral, irman Leiras Méndez, ofreceu a demostración o doutor Albo con unhas sentidas verbas, cuia reconstrución publicamos axiña.

VERBAS DO IRMAN LEIRAS—

Doutor Albo, irmans todos:
Nós, no seo da IRMANDADE,

temos a consiña de dar os nosos aitos a maór carácter galego posi-ble. O espargimento dos vaores

enxebres: historia, fala, costumes, etc., son o principal obxecto da fundación de esta IRMANDADE. A Lingoa vernácula preside as nosas reunións e matiza as nosas festas. Foi idioma oficial noutros tempos; falarónno reises, cantaronno poetas e trovadores e aínda sigue, o través do tempo e das persecucións, campando loiro e garrido no agro e na riebra, dempois de catro séculos de dominación do castelán. O idioma noso é inmorrente porque vive na alma do pobo. Falémos pois galego e percuremos contribuir a súa purificación, posto que está d'abondo probado que é máis fácil perfeccionalo que matalo.

Digamos tamén o pasar que a xente que dirixe a IRMANDADE non sofre de ateigamento nazonalista, máis ten, é certo, un anseo grande de ollar erguida ben outa a lumieira cultural e cívica do noso pobo e o prestixio da nosa raza.

A mesma defensa que facemos do idioma a, facemos tamen de todo canto sinifique ou represente un positivo valor.

Un dos primeiros aitos públicos realizados foi adicado o mártir da Frouseira, Mariscal Pardo de Cela. O bardo Pondal adicamoslle un número do IRMANDINO, órgano oficial d'esta entidade; e fai máis de dous meses que estamos traballando sin acougo, pra xuntar alguns cartos, c-o fin de contribuir o moimento que se lle vai a erguer en Ponteceso.

Seguindo eisí o desenrolo do noso ideario hoxe temos a satisfacción de festexar, con verdadeira ledicia, o trunfo d'un compatriota ilustre, que na lonxanía da patria sabe honrala i enaltecela. Ese ilustre fillo de Galiza é o doutor Manoel Albo, que acaba de ser nomeado, c-o voto unánime do Consello da Facultade de Meicina, Profesor de Clínica Quirúrxica e aquen lle ofrendamos este pequeno homaxe, tan modesto como sinceiro.

O doutor Albo, pol-a súa grande capacidade, pol-a súa lumiñosa intelixencia, pol-a súa laboura sin trégoas o servizo dos dōres humans, xa ocupaba un lugar destacado e disfrutaba de outo conceuto nas esferas da sabencia médica, do Uruguay, de maneira que o devandito nomeamento non é máis que o xusto recoñecimento dos moitos merecimentos d'un ho-

me que consagrou o mellor da súa vida o estudo e o traballo, ou sexa: a humanidade.

Fagamos afervoados votos pra que o doutor Manoel Albo siga conquistando novos triunfos, novos loureiros, novas distincións, pra ben da humanidade, pra gloria da sabencia médica e pra orgulo e honra da nosa raza.

VERBAS DO DOUTOR ALBO

Derradeiramente, xa chegado o día domingo, ergueuse o doutor Albo e con parola morna, emocionante e sincera agradeceu a demostración de que era obxecto, e de contado os acordos do hino galego cantado pol-os asistentes fechouse o aito.

ADEISIÓS

A noite da festa recibimos do entuciasta galeguista, irman Valente, que se atopaba na cidade de Rivera, na compañía de prestixiosos compatriotas, o sinificativo telegrama sigueente:

"IRMANDADE GALEGUISTA Nos que loitamos pol-a emancipación da Raza Galega, festexamos con esa Irmandade relevante aituación ilustre irman Albo. - Viva Galiza Ceibe. — Ida Parga, Celia Parga, Adolfo Parga, Xoan Valente".

D I N . . .

Aseguran por ei que s' atopa nesta cidade un misterioso persoaxe que ten a misión de pulsar o ambiente da cobertividades. O home é un "enviado" de don Xosé Gil Robles. Os ex-monárquicos están de festa.

IV asamblea do PARTIDO GALEGUISTA

O día 21 do derradeiro mes de abril, celebrouse na vilade de Sant-iago de Compostelaa a IV Asamblea do Partido Galeguista, con tal obxecto acudiron a antiga meca d'Ocidente numerosos representantes de todol-os centros políticos do noso país, e tamen se destacaba na Asamblea a representación femenina, que é a xeito d'un escintileo d'espranza pras vindeiras loitas galeguistas.

Tomáronse na devandita xuntanza, acordos de moita importancia, dos qe destacamos os siguentes:

1º—Pedir a liberdade inmediata dos presos políticos non somedos a procedimento.

2º—Reposición dos Consellos representativos da vontade popular do 14 d'avril de 1931.

3º—Dar un voto de confianza ó Comité Executivo e autorizalo pra celebrar paitos eleitorales c-os partidos xenuinamente republicans.

4º—Dirixir un manifesto o pobo galego condenando a política económica eisterior do goberno e principalmente no tocante a apo-boación do tratado co Uruguay.

5º—Protestar diante do goberno pol-o traslado obrigado dos Segregados do Partido, señores Castelao e Bóveda.

A Asamblea que se escomenzou no salón de aitos da Económica, clausurouse no seguinte día, no pabellón da Ferradura, con un mitin grandioso, no que pronunciaron elocuentes discursos os destacados galeguistas Villar Ponte, Alvarez Gallego, Suarez Picallo e Carballo Calero. Todol-os oradores foron moi apraudidos pol-a numerosa concurrencia, a que rematou cantando o hino galego.

Galiela en Portugal

Co motivo da celebración en Portugal da Semana Cultural Galega, orgaizada pol-o Seminario de Estudos Galegos, a nosa patrea mandou a nazón irman unha embaixada intelectual, composta por outos vaores da nosa cultura aitual. Foi eisi que a Semana Cultural Galega constituiu un eisito resoante. Tanto as autoridades como os orgaismo de máis prestixio e sinificazón do país Lusitano ofreceron os nosos compatriotas unha acollida de aberta fraternidade e istremosamente agarimosa, celebrándose, en honore os mesmos, diversos aitos en distintos centros culturaes e centíficos. As conferencias pronunciadas pol-os representantes galegos abragueron grandes proporcións, das que se destaca a que deu Castelao, que tivo pasaxes verdadeiramente emocionantes; xa que alghuns dos asistentes non poideron conter as bágoas cando o ilustre artista dixó que il era un home de pedra... e que a sangue que do seu corpo fruía era ríos que regaban a Terra Galega.

A Semana Cultural fechouse no medio do maor entusiasmo, e sinñala unha xornadagloriosa prás boas relacións de ambos pobos.

¡Ollo Galegos!

O señor Martínez de Velasco encomendou a don Prudencio Lardín a propaganda do seu agrarismo na provincia de Pontevedra; e ahí temos a don Prudencio choutando d'un lado pra outro percucando compracer os anseos reacionarios de don Xosé. Xa formou un Comité Agrari - Conservador - Monárquico - Hespáñol en Vigo; outro en Pontevedra, é así seguirá constituíndo n'eles, posto que xuntar media ducia de cidadans non é difícil, porque desgraciadamente a vanidade é tentación e sigue facendo suas vítimas os homes sin caraiter, que por un posto de figuración chegan hasta á convertirensen en traidores da súa patria, pero o difícil alle de ser a don Prudencio convencer os galegos de que voten por un partido que ademáis de ter un programa d'aición que é unha verdadeira calamidade nacional, conta con dirixentes d'unha moral tan ruin como Rodríguez de Vigurí, instigador máximo d'aquel vergonzante Consello de Ministros, presidido por Berenguer, que aprobou a sentença de fusilamento de Galán e García Hernández.

Ollo galegos! Pensaide no porvir de Galiza é tende conta con ese fato de bexatos, que andan rondando os vosos oídos, que todo ó arranxan con promesas que nunca cumpriron, e que non cumpliran endexamáis; percuran somentes vivir a vosa custa, aínda que vós quedades sin entrañas, sin sangue, sin vida; eles medran co-a vosa desgracia.

O Castro de Caldelas

ORIXEN DO NOME

Había no Castelo do Castro, un poderoso conde que tiña tres fillas moi fermosas, todas tres, no tempo de casar.

Máis outro conde tamén rico e nobre, mandoulle embaixada pra lle pedi-la man da unha das fillas. O do Castro recibeu ós emisarios, e cando lle espuxeron a pretensión que traguían, com'as fillas eran tres, preguntou: *Cal de elas?*

E de ahí ven qu'a xente lle emprincipiou a chamar Caldelas a aquela terra.

Vicente Risco.

De F. Bouza Brey

Xentilmente adicado a nosa Biblioteca soceal, recibimos un libro de versos tidoado "Nao Senlleira" d'este ilustre esquirtor galego.

Agradecemos moito tan fino ousequio d'o amigo Bouza Brey.

Tupí - Nambá

de prestixios mundiales

F. SAN ROMAN E HIJOS

18 DE JULIO, 1976

JUNCAL, 1311

1846

A TRAXEDIA DE CARRAL

De tantos feitos gloriosos que registra a historia de Galiza temos que destacar hoxe o referente a revolución do ano 1846. O 2 de Abril do nomeado ano produciuse o erguimento do pobo galego en contra do goberno centralista dirixido pol-o xeneral Narvaez, no reinado de Sabela II, qe se caracterizou pol-a eistremosa falla de libertade, pol-o descoñecimento dos dereitos cidadans e pol-as máis desconsideradas persecucións a todol-os que reclamasen xusticia. Ese levantamento de redención popular inspirado en outos ideaes, i-afervoadas arelas de ceibarse da desgradante servidume a que os tiña sometidos o goberno de Castela, tivo, como acontece co-a maioría das causas xustas, en que por selo firen intereses, un remate de traxedia; porque os exércitos asalariados, impónense e triunfan por enriba da razón e dos dereitos de eses mesmos cidadans que os pagan e os manteñen. Pero é sabido que somentes a forza de revoluzons e de sacrificios tráxicos os pobos van conquerindo, co-andar do tempo, o melloramento da organización social o mesmo tempo que se vai ceibando dos gobernos autoritarios e despóticos. De xeito que cando un pobo que vive asoballado se ergue sempre da un paso adiante no camiño das conquistas democráticas. Ademáis hai momentos tan fondamente psicolóxicos na vida dos pobos que, si teñen conciencia dos seus deberes, rebelarse é unha necesidade ineludible, aínda que tivesen a seguridade que os primeiros pasos atopaban morte, posto que, pros homes que levan na fronte unha estrela, vale máis gloriosa morte que unha vida de humillante servidume.

Percorrendo a historia de Galiza nos decatamos de contado da súa grande importancia e da súa outa sinñificazón como nación Ibérica. A raíz racial d'ese pobo, as súas características naturais, as súas costumes, a súa música, a súa literatura, a súa fala, e hastro o seu modo de traballar e de vivir, lle dan un senso firme e indiscutible de persoalidade. Pol-o de máis é ben coñecido o dito de que "Galiza tivo reises denantes que Castela leises". A morte do rei de Galiza Enrique III foi a que sinalou o derrumbamento das libertades de ese pobo, e apesar dos adiantamentos da civilización e dos conquerimentos democráticos outidos pol-a humanidade, sigue aínda esa benzoada terra sufrindo as derivacións do ultraxe inferido a súa soberanía pol-os reises católicos de Castela.

Co trunfo da ambición d'esos extranxeiros intrusos trocouse o curso regular da historia galega o serlle usurpada a súa independencia. Dende ese tristeira data o desacougo ciscouse por todol-os ámbitos do país o se sentir convertido n'unha colona d'hespaña; e as inxustas venganzas dos gobernos castelans abranqueron proporcións estraordinarias, de tal maneira, que chegou tempo en que Galiza hasta se viu privada do que pol-o de entonse se chamaba Procuradores a Cortes. De maneira que habendo as cidades de Galiza merecido posto d'honor na famosa reconquista neo-xermana, e que ademáis foron tamen as primeiras da península Ibérica que desbotaron valentemente o rugo dos mouros salvaxes e invasores, que o fin foi Galiza o primeiro reino cristiano da reconquista, denantes moito que Castela, Navarra e Portugal, non tiña Galiza directamente voz nin voto nas grandes asambleas nacionais; de sorte que si quería facerse oubir n'eses aitos, se tiña que valer de Zamora para que á representase. Con estes feitos vergonzantes premiaba Castela os grandes méritos e a xenerosidades dos galegos. Poden comprobarse o longo da historia acontecimentos que hastra os cegos e os parvos recoñecerán a santa xusticia que encarnan as rebeldías do pobo galego, e tamen que os cabezoleiros d'esas xestas he-

róicas tiñan un concerto definido e craro da súa responsabilidade histórica como homes e como cidadans. Pra quebrar esa tradición maldita a sangue xenerosa dos galegos regou moitas vegadas as terras de Breogan.

Os sucesos de 1846, si ben foron reducidos en poucos días, non por iso deixaron de ter gran trascendencia. O primeiro pronunciamento revolucionario foi na cidade de Lugo, encabezada por Miguel Solís y Cuetos; axiña se fixo o mesmo en Compostela, cuio mando asumíu o capitán Sebastián Arias. Sin perda de tempo as forzas de Solís se encamiñaron o encontrou do exército do goberno que mandaba Puig Samper, en cumprimento das ordes recibidas do capitán xeneral da rexión Xoán Villalengua que, o se enteirar de erguimento de Lugo dispuxo que se declarase o estado de sitio en todo o territorio do seu mando, tomando o mesmo tempo outras precaucions preventivas. O encontro das forzas gobernantas co-as de Solís se produciu en Sigüeiro, onde se loitou rexamente. Unha parte do exército do goberno foi embolto, anquilado, e podeira ser esnaquizado, si Solís, home de gran corazón, consecuente co-a súa consiña de libertar a Galiza sin verter unha pingueira de sangue, non houbese atendido as peticións de Mac Crohón, de que se lle respetase o seu batallón. Solís ademáis de dar cumprido creto as peticións recibidas, concedéulles tamen un armisticio de 48 horas, pra se decidiren si se plegaban ou non a revolución. As hostilidades cesaron, máis esa conducta franca e noble de Solís co-s contrarios tivo, o pouco, derivacións de traxedia. A resposta non chegou. O mesmo Mac Crohón, que il perdonou, foi logo xefe das forzas que o combatían.

Moitos pobos de Galiza se puxeron en armas n'ese entonse. Pontevedra, Vigo, Tuy o par que Santiago, Lugo, Betanzos e moitos outros lugares ardían de ledicia i-entusiasmo. Se habian constituido xuntas de goberno en todos lados. Máis fallou organización, conexión, intelixencia mutua, unidade n'aición. Esí ocurriu que as forzas que mandaba Rubín anduberon descarriadas, desorientadas, hastra o eistremo que se chegou a supoñer que había traicionado a causa revolucionaria. Axíña chegou un conxente de tropas, mandadas dende Madrid, oo mando do fumeito xeneral Concha. A xente dirixida por Solís enfrontou valentemente ó exército de Concha, moito máis numeroso co seu. A loita sostida foi rexa; o coraxe dos balegos substituíu o principio a superioridade numérica dos nemigos, máis as forzas físicas esgotaronse na reciedume da loita sin trégoas; a Solís non lle chegaron os reforzos esperados. Rubín ficaba descarriado, alonzado do posto d'honor. A rendición foi inevitable. O heróico Solís non quixo aceitar a proposta de fuxir que alguns amigos lle fixeron. sto aconteceu o 23 d'Abril. Os dous días constituíuse a xunta militar, estabrecéndose no pequeno pobo de Carral onde foron levados os xefes e oficiais prisioneiros con Solís a cabeza. Xuzgado-os vencidos, por un consello de verdadeiros verdugos, foron todos condenados a perda da vida. A sentenza cumpríuse o día 26 d'Abril do devandito ano, no adro de Paleo, en cuio cimiterio atoparon aganimoso acougo os inquedos loitadores pol-a libertade de Galiza.

Nós temos que chorar ós mortos e non podemos consolarnos d'unha soia cabeza que haixa sido inxustamente segada, pero non debemos botar de menos a sangue cando haixa sido derramada pra facer brilar verdades eternas. É sabido que as ideas se alimentan de sangue humano; total-as revoluzons divinizan os mártires. Si é verdade que a historia está chea de loito o está tamen eteigada de fé e de esperanzas.

Agarimo a Galicia

Fai algunhos anos, cando un galego ilustre, o doutor Novoa Santos, estivo en Montevideo, un señor que decía tere unha gran cultura e ser nado en Galicia, aseguraba ca maioría dos galegos n'américa esquenciáanse completamente da súa terra. Confeso sinceiramente qu' isas manifestacións chegaron a indinarme. Reacionando ante tan probe afirmazón, alcei un brazo sinalándolle o longo e belo salón de festas do "Centro Galego", donde ficabamos, e dixénlle: "Iste aito, amigo meu, e unha ma-

nificialaboura en homaxe a Galicia, e pra chegar a isto, como para constituir e manter institucións como "Casa de Galicia" e mester que se sinta moito patreotismo e, lóxicamente, son moitos os cidadáns galegos d'acó ca sinten e queren honrala". Pro, si o que voste dí fose certo, agreguei, ¿quenes máis culpabres con mesmos galegos que a escención dunha seleuta menoría, non fan conocere todo o que Galicia vale i é, aínda que esten en condicións de facelo?

E non e de moito traballo exaltare a Galicia, xa cos seus vaores son reales. Poderán sere discuti-

dos ou criticados, pro, enlexamáis, consideurados pol-a súa probeza.

Non pretendemos tampocuo caer nun patreotismo rediculo — os eistremos son sempre perxudiciales — pro consideiramos un debere de toda persoa medeanamente culta que está lonxe da súa pátreas, mostrar a quenes non tiveron a sorte ollala ou estudeala por falla de tempo ou oportunidade, ca súa terra ten un pasado e qu-en ila se estudea e se fan investigacións científicas, e co seu pobo reclama dereitos que obrigan a todo bon galego que isté lonxe do chan nativo, a acompañar os irmans que aló es-

tudean e loitan por conquerir pra Galicia a persoalidade de qu' é recente.

Galicia, ten a súa hestórea chea d' heroísmo e sagreficios e algo moi superior aínda: a súa sempre leal consecuencia con quen se chamóu seu amigo.

Galicia, mostra a súa grandeza na paisaxe e nos vaores arquitectónicos feitos istos pol-a man dos seus homes, c'os sentiron e comprenderon, moitos d' eles ademirados mundialmente.

Galicia, nunha parolá, tivo e ten homes de ciencia, con unha labou-

PR' A HESTOREA

O "Diario Español" d'esta cidade, batéu palmas de satisfacción pol-a firma dos tratados arxentino e uruguayo. Estiveron no seu papel. Primeiro son iles que miles e miles de galegos que se perxudican. Que lles importa Galicia e os que alí viven si eles acó xantan ben? Os d'alá que s'amolen.

do "galeguista" Portela Valladares....

Acábase de aprobar ad-referendum o tratado comercial d'España co Uruguay, o fantasma da fame voa sobor da nosa Patria. O gando perderá vaor nas feiras; o labrego galego non terá cartos pra pagar os fortes trabucos que lle impón o centralismo abafante e don Mancel Portela Valladares, dono do xornal "El Pueblo Gallego" que tantas páxinas esquirbeu pra combatir ese tratado, sigue no goberno fascista de Madrid do brazo de Gil Robles, Ro-yo e outros...

Engue labrego, erguete e anda!

A enemigo que fuxe, ponte de prata. Nos poñeríamos ponte de prata, co'a condición de sacalo en canto pasase, non sexa o díaño que se arrepiña e volva.

Este e o caso do Emilian Iglesias —a quel cacique máximo, socio do contrabandista March, que foi botado coma un can doente das constituentes, hastra pol'os seus mesmos compañeiros, herdeiro de totalas lacras que caracterizaren o caciquismo na Nosa Terra— o que foi nomeado Embaixador d'España en México. Nos non camebos dentro do chaleque de contentos, por ver desaparecer do escenario político da nosa Patria, a tan nefasto persoaxe, causante dreito da maioría das disgracias que sofre o pobo galego.

Bon viaxe; non porque lle desexemos ben, senon, que sexa tan longo, tan longo, que endexamáis volva.

Publicacions recibidas

"Alento", num. 7 e 8, (Sant-iago) boletín de estudos políticos, traí importantes traballos d'Alvarez das Casas, Risco, F. del Riego e outros sober nazionalismo galego.

ra chea d'agarimo e galeguidade, xa feita.

¿Porqué non s'aboca quen pretende ver debilitad'o patreotismo nos seus compatriotas, a unha campaña de galeguidade, co honraria, e contribuíe eisi a que se conoza máis a Galicia?

Entendo, dende xá, qu' isa campaña tería de ser elevada, con bon senso, pra que resultasen verdadeiras leicións nas que non tería de faltar o estudo do popular, tan cheo de espiritualidá e sentimento. Laboura ista, grata o espírito, cando se fai co máisimo de agarimo.

Fágase isa laboura pra que nos fillos de galegos e seus descendentes se manteña latente o respeito e agarimo o chan donde son nados os seus proxenitores, pra que non s'esquenzan ca sangue galega que teñen nas veas, os honra e, pra que, con iguais dereitos e obrigas, traballen oxe e no porvir por enaltecer e mellorar a terra galega, d'as institucións que en América son mantidas con ise ouxeto.

Xoancinho.

FUCHICADAS

No lar galego de Madrid ofrecéronlle un xantar o desleigado galego W. Fernández Florez, xantar o que il non asisteu —tal vez avergonzado da laboura antepatriótica que está facendo d'ed'o xornal vaticaneiro, "A B C"— antre a caterbada de "carcas" que cli se xuntaron, atopábanse o Ro-yo Villanova, García Sanchíz e outros non menos "alfonsinos". Houbo descursos e ferventes votos pol'a "unidad española". O Ro-yo Villanova na sua perogrullada, dempois de pedirle a deus e a virxe do Pilar, da que e cofrade, unha España "única e indivisible" refireuse a comida que lle diron da seguinte maneira: "Yo no puedo decir nada, en primer lugar porque no coordino bien con esta cosa gallega que me habéis dado (Risas) (se refiere al plato gallego de lacón servido), que me priva un poco de mi lucidez intelectual, harto decadente también por mis años, pero esta cosa gallega me pesa como un Estatuto".

Ben, con esto que acabades de ler, supoñemos que bos podedes facer unha idea da xente que goberna dende Madrid na compañía

OPORTO "DOM LUIZ"

VINO OPORTO LEGITIMO

Importadores: Valentín Martínez & Cía.

MISIONES N.º 1373

U. T. E. 8-20 66

pouco a pouco as ideas cos levóu a gobernar a institución, chegando, e isto e tristeiro decilo, a virdarse do tidoo galego que as mesmas levan.

Dando renda solta o noso alendido patriotismo, non podemos silenciar por máis tempo o probe espectáculo que ofrece unha sociedade que ostenta no seu frente un nome que e un chamado de xuntanza os galegos, cuio nome está moi lexos de responder a laboura que adentro se fai. Un bonito e cómodo salón, que se nos antoxa foi inspirado pol-a idea de facer nel xuntanzas donde se rindese culto a Galiza, ven sendo usado pra representacións de comedias hespánolas e criollas en moitas das cuales, como e público e notorio, existen perscaxes que nos ofenden. E, pol-a intromisión de persoas que non sinten, nin conocen, nin comprenden as nosas cousas, dase a paradoxa de que na casa dos galegos, fundada e scstida por iles, teñan preponderancia isas persoas que scio se preocupan de exaltar o seu, cousa que non lles criticamos pois e mui human que así o fagan. A quenes nosoutros lles facemos iste chamado de atención, e os petrucios galegos que con tanta despreocupación do rol que teñen de desempeñar, consinten e aprauden esas cativas mostras de desgaleguidade. Noutros aspectos sociais, moito e tamen o que teríamos de decirlles pro, por oxe, vamos a ser un pouco parcos a espera de ver o resultado deste chamado d'atención.

Non e berrando pol-as ruas a nosa condición de cidadáns dun país, como se fai labcura galeguista. E mester, pra que nos sintamos verdadeiramente galegos, berrar menos e facer máis. Si entramos a traballare nunha sociedade galega deixemos de lado toda concommitancia con outras asociacións sociais ou políticas d'outras rexións: ou nacionaes, e adiquemoslle todo o noso entusiasmo e nosa capacidade o engrandecemento do que verdadeiramente nos intréa. Loitemos por todo aquilo que ten de representare un honore pra nosa terra galega; contribuíamos cos nosos cartos e co noso entusiasmo a darlle vida e calor as nosas cousas e despreocupémonos un pouco das alleas. Non regateemos esforzos pra un homaxe a un galego ilustre, e aparezcamos por outra parte traballando con todo agarimo por lo eisito d'unha cousa que ningún beneficio práctico ten pra Galicia e, que moitas vegadas, e simplemente un xantas festexando tal ou cual efemérides que importa rên pra solución dos probremas galegos.

"Eco de Galicia", (Habana). Eduardo Pondal co motivo do cenográfica e artigos da Sra. Veito de López, Xoán Carballeira, Prieto Camiña, Blanco Torres, Doallo, Mediante Noceda e outros.

"Opinión Galeguista", (Bos Aires). Peridico da Orgaización R. N. Galega, importantes traballos sobor da laboura que n'a outra banda desenrolan os irmans galeguistas.

Galegos lede libros na vosa lingua

A Irmandade Galeguista ten a venda as mellores producións do século actual a precios moi comentes.

Merxar libros galegos é facer laboura verdadeiramente patreótica.

"Ser"

Hastr'a nosa casa chegaron o primeiro, coarto e quinto numero d'este periódico d'esquerda galega que apareceu en Sant-iago e cuias tres letras d'o nome son una afirmazón categórica dos ideás que defende, o maior eloxio que le podemos facer, e decir que o fundou e dirixe noso bo irman R. Suarez Picallo, e no que coloboran os mais outos vaores do galeguismo, desexamoslles moitos anos de vida, e unha ampria colleita da semente que espallanan en ben da nosa Patria, Galiza.

Chamados d'atencion

Sendo o noso principal ouxeto o facer unha labcura ausolutamente galeguista, temos de adicarlle unhas parcelas a la coleitividade e, sobor todo, os homes que dirixen as nosas principaes institucións. Motivanas a falla de galeguidade que alcontramos na realización do programa de acción que figura nos reglamentos das nosas entidades máis representativas, a cousa ista que fire moi íntimamente os nosos sentimentos de galegos que, por riba de total-as comenencias ou compromisos, está a Terra Nai a cuia elevación espiritual e material contribuímos a medida das nosas forzas. Pol-o sentimento e sinceridade que poñemos nas nosas accións, coidamos cás verbas qu-ei-quí temos de decire serán estimadas e escoitadas pol-os que, quizaes sin quererlo, van cedendo na sua galeguidade arrollados pol-a forza de persoas que infruyen na sua vontade, hastra facerlles cambear,